

Procedemento: Selección para a provisión, baixo a modalidade de contrato laboral temporal, do posto de encargado/a de taller de escenografía (grupo III, categoría 43. Código de posto ED.A11.00.005.15770.035)

Asunto: Resolución de contratación

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. A Axencia Galega das Industrias Culturais solicitou a cobertura temporal, en réxime de interinidade, para a provisión do posto de encargado/a de taller de escenografía (código do posto ED.A11.00.005.15770.035, categoría 43) consonte ao sistema de listas actualmente vixente.
2. Coa data de 18.02.2026 recíbese a autorización conxunta para a cobertura temporal da praza citada polo procedemento establecido no Decreto 37/2006, do 2 de marzo.
3. A Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal comunicou, mediante escrito do 19.02.2026, que non existen integrantes das listas para a cobertura do citado posto, polo que neste suposto debe procederse de acordo co disposto no artigo 7.5.b) 1.2 do V Convenio colectivo único para persoal laboral da Xunta de Galicia.
4. Coa data de 09.06.2026, o director da Axencia Galega das Industrias Culturais, como órgano competente, conforme ao previsto no artigo 11 do vixente Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia, dita a Resolución de nomeamento do tribunal para cualificar o proceso de selección para a contratación do posto de traballo citado.
5. Coa data 09.07.2026 remítese a oferta de emprego público ao Servizo Galego de Colocación e publícase este proceso de selección na páxina web da Axencia Galega das Industrias Culturais e no seu taboleiro.
6. Coa data de 17.09.2026 o tribunal de selección despois de comprobar que a documentación requirida para a contratación cumpre cos requisitos establecidos nas bases, eleva á Dirección da Axencia a proposta para a contratación de Laura Maquieira González para a cobertura do posto.



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 21 k) do Decreto 150/2012, de 12 de xullo polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais determina que lle corresponde á Dirección exercer á xefatura de persoal da Axencia.
2. O proceso de selección dunha persoa para a cobertura temporal do posto de encargado/a de taller de escenografía foi realizado segundo as bases da convocatoria e a normativa de aplicación.
3. O 17.09.2026, o tribunal nomeado para este proceso de selección, tras a instrución do procedemento, eleva á Dirección da Axencia a proposta de contratación da persoa seleccionada segundo as bases da convocatoria.

En atención a todo o anterior, e conforme coa proposta,

RESOLVO

Primeiro. Proceder á contratación de Laura Maquieira González, con NIF ***6048** para a cobertura temporal, en réxime de interinidade, do posto de encargado/a de taller de escenografía (código do posto ED.A11.00.005.15770.035, categoría 43).

Segundo. Acordar a conclusión deste proceso selectivo en aplicación do disposto no artigo 12.1 do V Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia.

Terceiro. Publicar esta Resolución na páxina web da Axencia Galega das Industrias Culturais (<https://industriasculturais.xunta.gal>) e no seu taboleiro.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o Presidente do Consello Reitor da Agadic, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados



dende o día seguinte ao da notificación da resolución do recurso de alzada, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director da Axencia Galega das Industrias Culturais

Jacobo Sutil Nesta

